

**A nosa Ref:** Taboleiro de anuncios

Expóñase no taboleiro de anuncios do Concello o anuncio de data 17 de Febreiro de 2022, relativo ao anuncio do tribunal de selección designado no concurso para a provisión do posto de auxiliar de cultura do Concello de Cambre. Resultado definitivo , que se achega a continuación.

Cambre, na data da sinatura electrónica

A Secretaria Accidental

Verónica María Otero López

**ANUNCIO DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DESIGNADO NO CONCURSO PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE AUXILIAR DE CULTURA DO CONCELLO DE CAMBRE.**

Reunido o Tribunal designado mediante Resolución 2161/2021, de 2 de decembro, da Concellería de Economía, Facenda e Recursos Humanos, en sesión celebrada con data de 15 de xaneiro de 2022, por unanimidade, acordou:

**Primeiro:** Aceptar de plano a renuncia a continuar no procedemento formulada por dona María Díaz Cano mediante escrito rexistrado de entrada con data de 23 de xaneiro de 2022, ao número 202299900000285; de conformidade co establecido no artigo 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

**Segundo:** Desestimar a alegación formulada por don José Manuel Castro Probaos mediante escrito rexistrado de entrada con data de 27 de xaneiro de 2022, ao número 202290000000252 (...).

**Terceiro:** De conformidade co establecido na base oitava, punto 1, das que rexen esta convocatoria (aprobadas mediante Resolución 1531/2018 de data 27/07/2018, do concelleiro delegado da área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación), **aprobar** a seguinte relación de aspirantes pola orde da puntuación final obtida no concurso para a provisión do posto de auxiliar da área de Cultura, segundo a continuación se indica:

ASPIRANTES	TOTAL
MALLO CANCELA SUSANA	54,22
SUEIRO MEJUTO SILVIA MARÍA	50,60
TELLADO CAMPOS PATRICIA	42,35
SOTO SOTO MONTSERRAT	41,35
YAÑEZ PITA RITA	38,30
COMINO RODRIGUEZ JOSE ANTONIO	37,55
GUSANO RODRIGUEZ SONIA	17,00
CASTRO PROBAOS JOSE MANUEL	00,00

**Cuarto:** De conformidade co establecido na base oitava, punto 1, conceder ós/ás aspirantes anteriormente relacionados/as un prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte á publicación do anuncio do presente acordo, para que presenten as alegacións ou reclamacións que consideren pertinentes.

**Quinto:** De conformidade co establecido na base oitava, punto 1, das que rexen esta convocatoria, publicar o presente acordo no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal ([www.cambre.com](http://www.cambre.com)) e notificar ós/ás aspirantes o acordo relativo a súa alegación.

Cambre, na data da sinatura electrónica

A Secretaria do Tribunal

Veronica María Otero López